



XXIII CONCURSO DE REDACCIÓN PARA ESCOLARES

“AS NOSAS LETRAS” (2022)

BASES:

- 1.- Poderán participar tódolos nenos e nenas, dos centros escolares do Concello de Santa Comba, de 6 e 12 anos.
- 2.- Grupos: Grupo 1º: 1º curso de primaria.
Grupo 2º: 2º e 3º cursos de primaria.
Grupo 3º: 4º curso de primaria.
Grupo 4º: 5º e 6º cursos de primaria.
- 3.- O tema: ***“UNHA HISTORIA NARRADA EN SANTA COMBA”***, deberá estar escrita a bolígrafo, sen debuxos e en galego; podendo usar lápiz o Grupo 1. Poderase usar plantilla. Cada participante poderá presentar un traballo. As redaccións serán inéditas, non podendo ter recibido ningún premio, nin tampouco ser publicadas ou presentadas noutros concursos.
- 4.- Cada traballo firmarase conseudónimo. O mesmoseudónimo e o curso do concursante figurará no exterior dun sobre pechado, no interior dese sobre irá o nome do neno ou nena, o curso e o centro onde estudia. Este sobre irá grapado ao traballo
- 5.- A extensión máxima da redacción será: Grupo 1º: Unha cara de folio
Grupo 2º: Dúas caras de folio.
Grupo 3º: Dúas caras de folio.
Grupo 4º: Tres caras de folio.
- 6.- Os centros escolares remitirán os traballos á Casa da Cultura (Departamento de Cultura), antes do 13 de maio. Farase unha selección de 40 traballos.
- 7.- O xurado será designado pola Alcaldesa do concello. A decisión do xurado será irrecurrible.



CONCELLO DE SANTA COMBA

Terra de Xallas

Praza do Concello 1, 15.841 Santa Comba (A Coruña). Tlfs: 981 880 075 - 609 241 138 Fax: 981 880 716
Web: www.santacomba.es eMail: correo@santacomba.dicoruna.es

8.- Calquer traballo que non cumpra as características esixidas quedará fora de concurso.

9.- O Concello de Santa Comba reserva o dereito a publicar os traballos.

10.- Unha vez rematado o concurso e feita a selección final, abríranse os sobres do seudónimo correspondente para coñecer os autores.

11.- O fallo do concurso farase público o día 18 de maio, ponéndose en coñecemento dos centros escolares, que avisarán aos premiados e seleccionados.

12.- Os premios consistirán en:

Grupo 1º: 1º Premio: eBook + diploma

Accésit: libros/material escolar + diploma.

Grupo 2º: 1º Premio: eBook + diploma

Accésit: libros/material escolar + diploma.

Grupo 3º: 1º Premio: eBook + diploma

Accésit: libros/material escolar + diploma.

Grupo 4º: 1º Premio: eBook + diploma

Accésit: libros/material escolar + diploma.

Todos os seleccionados: libro + diploma

13.- Os traballos premiados serán expostos no Edificio Multiusos do Concello de Santa Comba do 20 de maio ao 20 de xuño de 2022.

14.- A entrega de premios terá lugar no Auditorio do Edificio Multiusos ou faranse entrega nos Centros Escolares, segundo nos permitan as medidas Covid-19

15.- A participación no concurso implica a aceptación de tódalas bases.

Santa Comba, abril de 2022
CONCELLARÍA DE CULTURA